



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 1

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 28 de decembro de 2018

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e oito de decembro do ano dous mil dezaoto, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Pablo Pérez Pérez, don Manuel Doval Soto e dona Ana María Villarino Pardo, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora accidental, dona Begoña Álvarez Matos, técnica de fiscalización da xestión orzamentaria e contable, e dá fe do acto, o vicesecretario, don Juan Marquina Fuentes.

Non asisten á sesión os deputados provinciais don Jorge Pumar Tesouro (vicepresidente 2º) e don Juan Anta Rodríguez, que escusan a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2018.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día catorce de decembro de dous mil dezaoto, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- FIXACIÓN DE PREZOS DE PUBLICACIÓNS QUE EDITARÁ A DEPUTACIÓN PROVINCIAL.- Unha vez vista a proposta formulada pola xefa da Sección de Arquivo e Publicacións, para fixación de prezos de distintas publicacións da Deputación e considerando que a dita proposta se axusta ao establecido na Ordenanza provincial reguladora de prezos públicos pola venda de publicacións editadas por esta Deputación, a **Xunta de Goberno** adopta o seguinte **acordo**:

- Fixar os prezos de venda ao público das seguintes publicacións, polos importes que se indican:



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 28 de decembro de 2018

OBRAS	Custo maqueta/impresión + distribución	P.V.P proposto
Edición da obra: Gordín Veleiro, A.M. e Peña Pérez M.L.: <i>Mosteiro de Santa María de Xunqueira de Espadanedo</i>	Maqueta e impresión: 4.197,80 €. -Custo da unidade sen distribuír: 8,39 € -Envío as bibliotecas: 500 € -Custo total para a Deputación= 4.697,80 € [4.197,80 € +500]. - P.V.P. estimado para cada exemplar 4.697,80 €: 500 = 9,3956 €	9 € [IVA incluído]
Fernández Cadavid, J.L.: <i>Laurentius Hispanus</i>	Maqueta e impresión: 4.990 €. Exemplares: 500. -Custo da unidade sen distribuír: 9,98 € -Envío as bibliotecas: 500 € -Custo total para a Deputación 4.990 € +500= 5.490 € - Prezo recomendado para cada exemplar 5.490 €: 500 = 10,98 €	10 € [IVA incluído]
Rey Olleros, M.: La música medieval en Celanova	Maqueta e impresión: 5.720 €. Exemplares: 500. -Custo da unidade sen distribuír: 11,44 € -Envío as bibliotecas: 500 € -Custo total para a Deputación 5.720 € +500 = 6.220€ - Prezo recomendado para cada exemplar 6.220€:500= 12,44 €	13 € [IVA incluído]
Pousa Diéguez, R.: El señorío de San Pedro de Lobás	Maqueta e impresión: 5.299,84 €. Exemplares: 500. -Custo da unidade sen distribuír: 10,599 € -Envío as bibliotecas: 500 € -Custo total para a Deputación 5.299,84 € +500 = 5.799,84€ - Prezo recomendado para cada exemplar 5.799,84€:500= 11,59 € - Por ser do mesmo autor e da mesma temática que o libro <i>O señorío de San Pedro de Lobás</i>, se propón o mesmo prezo que ese: 13 €	13 € [IVA incluído]
Gracián, Ánxela.: As historias da ogra Pinta	Maqueta e impresión: 2.269,38 €. Exemplares: 500. -Custo da unidade sen distribuír: 4,53 € -Envío as bibliotecas: 500 € -Custo total para a Deputación 2.269,38 € +500 = 2.769,38€ - Prezo recomendado para cada exemplar 2.769,38 €: 500 = 5,5 €	6 € [IVA incluído]
Domínguez Álvarez, Yosi [et al.]: Canciones, algún deslíz y dos o tres fotografías	Maqueta e impresión: 15.600 €. 2 tomos. Exemplares: 800. -Custo da unidade (tomo 1-2) sen distribuír: 19,5 € -Envío as bibliotecas: 500 € -Custo total para a Deputación 15.600 € +500 = 16.100 € - Prezo recomendado para cada exemplar 16.100 €: 500 = 20,125 €	20 € [IVA incluído]



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 28 de decembro de 2018**3.- RESOLUCIÓN REQUIRIMENTO DE ANULACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 21 DE SETEMBRO DE 2018.**

En data 23 de outubro de 2018, don Alfredo García Rodríguez, representante legal do Concello do Barco de Valdeorras, presentou no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial, requirimento de anulación do acordo da Xunta de Goberno de 21 de setembro de 2018, de resolución do concurso público para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para organización de actividades físico deportivas 2018.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial aprobou, o 2 de febreiro de 2018, as bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para organización de actividades físico deportivas 2018.

Segundo. Mediante acordo da Xunta de Goberno de data 21 de setembro de 2018, resolveu dito concurso, no que non consta ningunha solicitude presentada polo Concello do Barco de Valdeorras.

Terceiro. O 23 de outubro, tivo entrada no Rexistro Xeral desta Deputación, escrito presentado por don Alfredo García Rodríguez, representante legal do Concello do Barco de Valdeorras, de requirimento de anulación do acordo da Xunta de Goberno de 21 de setembro de 2018, de resolución do concurso público para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para organización de actividades físico deportivas 2018.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O Concello do Barco de Valdeorras presentou requirimento de anulación do acordo da Xunta de Goberno de referencia, de conformidade co artigo 44 da Lei da Xurisdicción contencioso-administrativa, precepto regulador do privilexio das relacións interadministrativas.

II. Do establecido nas bases reguladoras da subvención e da normativa aplicable, dedúcese claramente que as fontes xurídicas para determina-los trámites aplicables son: En primeiro lugar as bases reguladoras; en segundo lugar a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o

PEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folho N.º

4

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 28 de decembro de 2018

Regulamento xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento de subvencións de Galicia, cada norma no seu ámbito e competencia; en terceiro lugar, a normativa de réxime local e, con carácter supletorio, a lexislación de réxime xurídico do procedemento administrativo común das administracións públicas.

III. Cuestións procedimentais.

No escrito presentado, o representante legal do Concello do Barco de Valdeorras indica o seguinte:

1º) Que o concello presentou a solicitude e documentación indicada nas bases da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para organización de actividades físico deportivas 2018.

2º) Que a solicitude "*presentouse no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (de conformidade co previsto na base 5ª.1.a) a través do rexistro da oficina comarcal do Barco de Valdeorras, Ourense, con data 2 de marzo de 2018 e hora 11:38:47 tal e como consta na etiqueta xustificativa da entrada da solicitude no amentado rexistro-ENTRADA 1276/RX554119...*"

3º) Que, en consecuencia do anterior, solicita a valoración da solicitude presentada e se dite nova resolución e se lle outorgue a correspondente subvención.

En relación co anteriormente exposto, a xefa do Negociado de Información e Rexistro desta Deputación Provincial emitiu informe ao respecto e que, de seguido, se transcribe:

Dña. Mª Margarita Pérez Belmonte, realizando temporalmente as funcións de Xefe do Negociado de Información e Rexistro da Deputación Provincial de Ourense, dende o día 1 de xullo de 2015.

EXPON:

Con data 23 de outubro de 2018, o Concello do Barco de Valdeorras presenta na sede da Deputación Provincial de Ourense a través do rexistro electrónico, escrito de "requirimento de anulación do acordo da Xunta de Goberno de 21.09.2018 relativo á resolución do concurso



PEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 28 de decembro de 2018

público para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para organización das actividades físico-deportivas 2018".

No escrito presentado polo concello, alegan que presentaron a solicitude de subvención para a organización de actividades físico-deportivas a través do rexistro da Xunta de Galicia, oficina comarcal do Barco de Valdeorras o día 2 de marzo de 2018. Procedese á comprobación da anotación de entrada a través do "SIR" (sistema interconexión de rexistros), comprobando que non se realizou ningunha anotación de entrada do concello do Barco de Valdeorras.

Comprobamos no programa "AIRES", (programa no cal accedemos as anotacións do SIR), o número de entrada que o concello menciona no seu escrito (1276/RX554119).

Observando o seguinte:

1.- Anotación de entrada, en soporte "só físico"

Consulta de entradas

Nº Res. Xara: 2018 / 554119 Data: 02/03/2018 Hora: 11:38:47 Estado: 3-VALIDADA

Nº Interno: 2018 / 1276 Tipo entrada: 5-DESTINO UNHA ADMINISTRACIÓN

Datos xerais Outros datos Rexistro de copias

Documento

Data doc.: 02/03/2018 Soporte: 0-SÓ FÍSICO Nº docs. fis.: 1 Tipo: 10-RDQ. DOCUMENTACIÓN

Procedemento

Área: Procedemento:

Asunto: REMISIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONCELLOS E MANCOMUNIDADES DE MUNICIPIOS PARA ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS 2018. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Destino

Rexistros: DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Unidade: 102000032 - Deputación Provincial de Ourense

Interesado

Tipo remitante: AL-ADMINISTRACIÓN LOCAL Doc. iden: P3201000A

Nome: CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS

Enderezo: PRAZA DO CONCELLO, 1 Provincia: 32- OURENSE

Concello: O BARCO DE VALDEORRAS (O) C.P.: 32300 País: 0-ESPAÑA

Teléfono: Fax: Correo electrónico:

Observacións

Tipo	Usuario	Data	Observación
Non se atopou ningún resultado			

2.- Anotación de entrada enviada da oficina comarcal do Barco de Valdeorras a Vicepresidencia da Xunta.



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 28 de decembro de 2018

Por todo o anteriormente exposto .

COMUNICO:

Non se recibiu documentación ningunha no rexistro da Deputación Provincial de Ourense, nin en soporte papel nin telemático do Concello de o Barco de Valdeorras , para a solicitude de subvención para a organización de actividades física-deportivas 2018.

En consecuencia, considerando acreditada a presentación extemporánea da citada solicitude de participación no concurso referenciado, e tendo en conta todo o anteriormente exposto, a **Xunta de Goberno** da Deputación de Ourense adopta o seguinte **acordo**:

Desestimar o requirimento de anulación interposto por don Alfredo García Rodríguez, representante legal do Concello do Barco de Valdeorras, contra o acordo da Xunta de Goberno, de data 21 de setembro de 2018, de resolución do concurso público para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para a organización de actividades físico deportivas 2018, confirmando a validez do dito acordo, polo seguinte motivo:

De conformidade co informe arriba transcrito, no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Ourense, non consta ningunha solicitude presentada polo concello do Barco de Valdeorras, para obter subvención ao abeiro do concurso de referencia, por ningún dos tres posibles medios: nin soporte papel, nin a través do SIR (sistema de interconexión de rexistros) nin pola sede electrónica desta Deputación Provincial.

4.- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA FUNDACIÓN SOTELO BLANCO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 14.11.2018.-

En data 3 de decembro de 2018, don Olegario Sotelo Blanco, representante legal da Fundación Sotelo Blanco, presentou no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial, con número de entrada 2018042271, escrito no que alega emenda ao orzamento presentado coa solicitude de subvención.

Neste senso, con data 11 de outubro de 2017, a Presidencia da Deputación subscribiu un convenio de colaboración entre a Fundación Sotelo Blanco, o Concello de Castro Caldelas, e a Deputación Provincial de Ourense, para a posta en funcionamento do Museo Antropológico da Ribeira Sacra Olegario Sotelo Blanco.



PEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folha N.º

8

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 28 de decembro de 2018

No Pleno de data 29 de xuño de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 334.20/489.30, a cantidade de 25.000 euros a favor da Fundación Sotelo Blanco, para o Museo Antropolóxico Ribeira Sacra Olegario Sotelo Blanco.

Unha vez examinada a documentación presentada pola fundación de referencia, advertiuse que os ingresos indicados no orzamento presentado (31.000,00 €), supera aos gastos (28.045,00 €).

En consecuencia do anteriormente indicado, e mediante acordo da Xunta de Goberno de data 14 de novembro de 2018, foille concedida unha subvención, por importe de 22.045,00 €, á Fundación Sotelo Blanco, para o Museo Antropolóxico Ribeira Sacra Olegario Sotelo Blanco.

O 3 de decembro de 2018, tivo entrada no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial, escrito presentado por don Olegario Sotelo Blanco, representante legal da Fundación Sotelo Blanco, de emenda ao orzamento presentado inicialmente coa solicitude de subvención.

No escrito presentado, advirten que *"... debido a un erro administrativo, no orzamento presentado para a aprobación da subvencións se tiveron en conta partidas de ingresos non sometidas ao escrutinio da administración para a concesión da subvención..."* e solicitan *"...se admita o orzamento anexo como emenda ao acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Ourense do 14 de novembro de 2018"*.

Respecto ao erro na cualificación do recurso, xa que o mesmo se califica como alegación e non como recurso administrativo de reposición, este non debe ser óbice para a súa tramitación ao deducirse o seu verdadeiro carácter, todo isto en aplicación do principio antiformalista consagrado no *artigo 115.2 da LPAC*.

En canto ao primeiro motivo de alegación do recurso é que existe un erro no orzamento presentado nos termos expostos. En consecuencia e, tendo en conta, que non se trata dun procedemento de concorrencia competitiva, que existe crédito na aplicación 334.20/489.30, para esta finalidade, e que a declarante asume a veracidade do manifestado En canto á segunda alegación, relativa ao importe a xustificar, debemos ter presente o que indica a a Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación (BOP núm. 260 de data 12.11.2015), no seu artigo 15.1, que sinala que: *"...para considerar xustificada a execución*



PEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 28 de decembro de 2018

do proxecto ou programa de actividades, deberá acreditarse a súa realización completa, independentemente de que o importe da subvención sexa inferior ao orzamento total do proxecto ou programa. No suposto en que só se xustifique a súa execución parcial, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos supostos en que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención, nos que procederá a perda total do dereito á subvención...". É dicir, cando se subvenciona un determinado proxecto, débese xustificar a totalidade do seu importe, independentemente da porcentaxe da subvención outorgada.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Estimar parcialmente o recurso de reposición presentado por don Olegario Sotelo Blanco, en representación da Fundación Sotelo Blanco, e admitir o novo orzamento presentado polos motivos indicados na parte expositiva da presente proposta, desestimando o resto das alegacións plantexadas.

2º) Conceder 2.955,00 €, relativos á diferenza entre os gastos inicialmente presentados (28.045,00 €) e o importe previsto na aplicación orzamentaria ao respecto da subvención de referencia (25.000,00 €).

5.- PROXECTO "EMPRENDOU-RETO DEMOGRÁFICO", PARA A SÚA PRESENTACIÓN Á CONVOCATORIA CONTIDA NO REAL DECRETO 1234/2018, DE 5 DE OUTUBRO, DE PROXECTOS NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO XUVENIL DO FONDO SOCIAL EUROPEO (AXUDAS EMP-POEJ).- Visto o Real Decreto 1234/2018, de 5 de outubro (*BOE núm. 242, do 6 de outubro de 2018*), polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión directa de subvencións a entidades locais para a financiación de Proxectos de emprego, autoemprego e emprendemento colectivo, dirixidos a enfrontar o reto demográfico dos concellos de menor poboación, no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil do Fondo Social Europeo (axudas EMP-POEJ).

E, por entender que os obxectivos previstos na convocatoria responden a intereses e necesidades detectadas na provincia de Ourense, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo**:

PEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

10

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 28 de decembro de 2018

1º- Aprobar o Proxecto "**EmprendOU-reto demográfico**", aos efectos de presentalo á convocatoria de axudas anteditas, cuxas bases reguladoras se aceptan expresamente.

2º.- Solicitar a axuda de **1.860.772,50 (un millón oitocentos sesenta mil setecentos setenta e dous euros con cincuenta céntimos)**, cantidade que representa o 91,89% do presuposto total elixible do Proxecto "EmpendOU-reto demográfico", que ascende a **2.025.000,00 (dous millóns vinte e cinco mil euros)**.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PORQUEIRA PARA RESTITUCIÓN DE LUMINARIAS PÚBLICAS.- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente nº 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 40.000 euros a favor do Concello de Porqueira, para restitución luminarias públicas.

Unha vez vista a documentación presentada pola alcaldesa do mencionado concello, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita documentación cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Porqueira, nos seguintes termos:

-Importe: 40.000 euros.

-Obxecto: restitución luminarias públicas.

Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.-Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.-Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.



PEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

11

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 28 de decembro de 2018

5.-Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 20 de xaneiro de 2019.

7.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DA FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL (AFUNDACIÓN) PARA INVERSIÓN E



PEL NUMERADO
ORPORACIÓNS
LOCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

12

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 28 de decembro de 2018

GASTOS NECESARIOS PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE INNOVACIÓN EMPRESARIAL DE OURENSE E PARA O CUSTE DA XESTIÓN E MANTEMENTO DO CENTRO.-

No Pleno de data 26 de outubro de 2018, acordouse aprobar o expediente nº 5/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 433.00/789.00, a cantidade de 200.000,00 euros a favor da Fundación Galicia Obra Social (AFUNDACIÓN), para *“inversións e gastos necesarios para a posta en funcionamento do Centro de Innovación Empresarial de Ourense e para o custe da xestión e mantemento do centro.”*

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención á Fundación Galicia Obra Social (AFUNDACIÓN), nos seguintes termos:

-Importe: 200.000,00 euros.

-Obxecto: Inversións e gastos necesarios para a posta en funcionamento do Centro de Innovación Empresarial de Ourense e para o custe da xestión e mantemento do centro.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais ou copias das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Así mesmo, deberán presentar a licenza de obra concedida polo Concello de Ourense e as correspondentes autorizacións sectoriais, se fose o caso.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso



PEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 28 de decembro de 2018

acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas

facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de marzo de 2019.

8.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

9.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e quince minutos, do referenciado día vinte e oito de decembro do ano dous mil dezaioito, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,**O VICESECRETARIO,**